

Os mellores apicultores do Estado estarán o 8 de novembro na Feira do Mel

Páxina 18



Concello de  Oleiros

O Colexio de Nós inicia o seu primeiro curso escolar

Páxina 10

Vivir en Oleiros

Número 49
Outubro 2015
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org



As novas tecnoloxías seguen facilitando as xestións co Concello

Páxina 6

Inaugúrese o Parque José Couso en memoria ao cámara asasinado polo Exército dos Estados Unidos

Páxina 8

O Concello expropia a gasoleira de Santa Cruz para facer posible a reordenación do tráfico cunha rotonda

■ O Plan xeral de ordenación municipal prevé a reordenación desta gasoleira, situada en parte na que foi a antiga estrada de Santa Cruz a Meirás. A estación de servizo incumpre a normativa para este tipo de instalacións e, segundo a lexislación, o seu período de vida útil remata en xaneiro. O recinto tamén vulnera as leis medioambientais sobre emisións de gases e fugas de partículas. En 1986 ocasionou un estoupido a un local de hostalería e máis recentemente detectáronse diversas verteduras ao río de Santa Cruz. O Concello xa leva anos intentado que a Xunta asuma as súas competencias para a eliminación deste tapón ao tráfico na estrada de Perillo a Mera, pola que circulan 22.469 vehículos cada día.

José Manuel Sánchez, bronce no Mundial de piragüismo

Páxina 20

O Goberno municipal subvenciona o traballo das entidades locais con 241.805,09 euros

Conscientes da importancia do asociacionismo veciñal, educativo, cultural, deportivo e xuvenil no noso concello, o Goberno municipal impulsa todos os anos unha liña de axudas ás entidades sen ánimo de lucro. Todos os colectivos que solicitaron correctamente a subvención municipal para sufragar os gastos das súas actividades durante 2015 recibirán a axuda.

Páxinas 12 e 13

Como saber
onde
está todo
en
Oleiros

AXENDA
Páxina 23



Alternativa dos Veciños

Os orzamentos do 2016 permitirán seguir construíndo ese Oleiros singular e distinto

Rematou o verán, unha época na que as nosas localidades son un fervedoiro de xente e de actividades. Numerosas festas e múltiples eventos culturais e deportivos encheron de vida todos os recunchos do noso concello. O período estival tamén supón a chegada de numerosos visitantes e turistas que queren gozar da beleza e singularidade do noso municipio. Todo isto provoca unha chea de problemas como incremento do tráfico, a necesidade da limpeza viaria e das praias, vertidos incontrolados, aumento de conflitos, botellóns... para os que temos que redobrar os nosos esforzos.

No outono toca regresar á "normalidade" e reprogramarnos para afrontar as novas obras e servizos, así como as diversas actividades relacionadas co movemento social, cultural, educativo e deportivo. Iremos seguir mellorando as infraestruturas e equipamentos nos que as entidades veciñais levan a cabo as súas actividades e que tanto enriquecen o prestixio do noso Concello.

Para levar a cabo todos eses proxectos e continuar construíndo ese Oleiros singular e distinto, nestes días presentáranse os novos orzamentos para o vindeiro ano. Neles re-

colleremos todas as partidas económicas para 2016, aínda que debido ás imposicións do Goberno do Estado teremos que afrontar diversas limitacións. Por sorte, e grazas á confianza depositada polos votantes da comarca en Alternativa dos Veciños nas pasadas eleccións de maio, poderemos paliar esas dificultades orzamentarias con melloras económicas provenientes da Deputación da Coruña. Coa nosa entrada no organismo provincial tamén agardamos rematar coa arbitrariedade e as inxustizas no reparto de fondos ás que o anterior Goberno do PP condenou a Oleiros.

Queremos aproveitar este espazo para convidarvos a todos e a todas á nosa cea de Nadal que terá lugar no Mesón de Pastoriza o sábado 28 de novembro. No transcurso da cea, o alcalde de Oleiros e presidente de Alternativa dos Veciños, Ángel García Seoane, informará sobre a xestión e os logros do 2015 e avanzará os principais proxectos para o vindeiro ano. Tamén actuará a orquestra Os Senadores. O prezo por persoa é de 28 euros. As entradas xa están dispoñibles nos puntos de venda habituais das vosas parroquias.



Partido Popular de Oleiros / Grupo Municipal do PP no Concello de Oleiros

AQUÍ ESTAMOS!!!

Non, aínda que a algúns lles gustaría, non nos habemos ir, seguimos aquí, á beira dos nosos veciños e no noso pobo, como fixemos nos últimos anos.

Desde este mes de outubro estaremos nunha nova sede, en Perillo, na rúa Barreira número 2, na rotonda da tintorería. Igual de céntrica, pero máis acolledora, onde atenderemos a todas as persoas que nos queiran trasladar as súas queixas,

suxestións, ideas ou críticas para mellorar o noso traballo e sobre todo para mellorar o noso concello. Nestes tempos, nos que "as redes", tomaron a comunicación, desde o PP de Oleiros cremos que é máis necesario que nunca poder atender a todos en persoa, cun café por medio se é preciso, pero en contacto coa rúa e cos problemas de Oleiros, que son moitos.

Por suposto seguirá o noso

Facebook, Twitter, Mail, pero tamén a nosa sede.

Somos conscientes, que hai moitas cousas que mellorar no noso concello, e que en numerosas ocasións non son atendidas polo señor Seoane e os seus concelleiros, por iso brindámonos a axudar a todos aqueles que levan tempo clamando no deserto e non atopan quen lles escoite. Nós queremos escoitar, algo que non se fai por parte do

Goberno Municipal. Queremos escoitar, porque escoitar é a antesala dunha boa decisión. Queremos ser a voz das persoas esquecidas; queremos ser a voz dos que pasan dificultades e non lles atenden no Concello.

Queremos axudar ao que non sabe a onde acudir, queremos traballar polos nosos veciños e AQUÍ ESTAMOS!!!



Grupo Municipal Socialista / Grupo Municipal PSdeG - PSOE no Concello de Oleiros

O grupo municipal do PSdeG-PSOE negouse a aportar a información do seu grupo



Bloque Nacionalista Galego / Voceiro do Grupo Municipal do BNG no Concello de Oleiros

O xogo nos espazos públicos

Dende o BNG-AA queremos abrir un debate sobre as áreas de xogo infantil e exercicio ao ar libre de Oleiros. O mantemento é moi mellorábel: habería que revisar os protocolos de reposición de equipamentos, limpeza, atención ao firme -especialmente nos de chan de

area- e valorar a posibilidade de cubrir algúns parques infantís para gardarse da chuva...

Tamén habería que repensar estes espazos atendendo ás opinións de usuari@s de diferentes idades e mobilidades. Case todas as instalacións infantís van

orientadas a nen@s de entre 4 e 9 anos. @s de menos idade teñen poucas opcións, e na práctica empregan equipamentos perigosos. @s de máis de 9 non dispoñen de áreas axeitadas, en contraste con concellos veciños en que sí hai e con éxito. Apenas hai instala-

cións para nen@s con mobilidade reducida. E a seguridade melloraría reducindo a velocidade en vías limítrofes a 30 km/h.

Unha planificación e execución axeitada melloraría a calidade de vida da veciñanza sen un grande esforzo orzamentario.

EDITORIAL

• O asilo é un dereito; a solidariedade, un deber

◆ A situación de crise das persoas refuxiadas que veñen fuxindo da guerra nos seus países de orixe -especialmente Siria- é a meirande en Europa desde a II Guerra Mundial, pero non é unha situación descoñecida.

Cinco anos despois da invasión de Iraq en 2003 por Estados Unidos (cualificada como “ilegal” polo entón secretario xeral da ONU, Kofi Annan), máis de dous millóns de persoas refuxiadas recibiron asilo en Siria (que pasou de 17 a 19 millóns de habitantes en poucos meses) e en cidades como Damasco, nin a subministración eléctrica chegaba para abastecer a tantos novos inquilinos. Pero a solidariedade pesou máis e saíuse adiante. No mesmo período de tempo, o país que interviñera directamente en territorio iraquí (EE UU), tan só acollera a cifra de 15.000 refuxiados en cinco anos. Ademais, Siria tivo tamén a solidariedade de acoller a máis de medio millón de palestinos que se viron expulsados das súas terras pola colonización israelí promovida polos gobernos sionistas de Ariel Sharon e Benjamin Netanyahu nos territorios de Gaza e Cisjordania.

Por este comportamento colonialista, países como Tunisia, Libia, Exipto, Iraq, Afganistán, Siria, Paquistán, Iemen, Sudán, Somalia, Chad e tantos outros, están inmersos en terribles loitas internas mentres as súas riquezas son esquilmas polas multinacionais que actúan como correa de transmisión dos gobernos terroristas de Occidente. Petróleo, gas, coltan e outras materias primas mércanse a prezos irrisorios e trócanse por armamento para que as tribos sigan matándose.

Agora, a situación de guerra provocada por unha insurrección radical siria alimentada económica e armamentisticamente pola intelixencia estadounidense, británica e saudita, provocou a proliferación dun dos maiores anacronismos políticos do noso tempo: A *Daesh*, un grupo terrorista que fundamenta as súas atrocidades nunha mala interpretación

do Islam e da *Sharia*. Asasinatos masivos a sangue frío, atentados, secuestros, violacións, recrutamento militar de nenos ou destrución de patrimonio humano cultural están entre as actividades deste grupo radical. Por todo isto, Europa, cómplice das intervencións da OTAN e do financiamento destes grupos, ten que responder agora, no momento en que a poboación civil siria, que tan solidariamente acolleu sempre os millóns de refuxiados que as guerras imperialistas de Occidente deixaban ao seu paso, vese obrigada a fuxir alén das súas fronteiras na procura dunha oportunidade para vivir.

A pesar de que a Deputación da Coruña ten aprobada unha moción ao respecto e moitos concellos do Estado teñen manifestado a súa intención de colaborar activamente co asunto, é imprescindible instar ás altas esferas do Goberno e da Unión Europea a actuar en consecuencia coa magnitude da situación e co seu grao de responsabilidade. A cidadanía de Oleiros é un exemplo de solidariedade e cooperación e, desde este concello, véñense promovendo centos de iniciativas de acollida, colaboración e defensa das persoas dos territorios máis desfavorecidos, polo que non é de recibo que algúns políticos aproveiten a mediatización desta terrible situación para facer demagogia e obter réditos electorais dunha traxedia cando nunca se preocuparon do que pasaba máis aló do seu municipio. A cooperación e a solidariedade non son flor dun día.

Neste momento, a Carta dos Dereitos Humanos estase afundindo no Mediterráneo, xunto con todos os principios que, en teoría, sustentaron a formación da Unión Europea. Solidariedade, xustiza social, liberdade. Soamente son verbas. Papel mollado. E sabemos que as verbas as leva o vento. E miles de persoas seguirán morrendo. E os gobernos de Europa seguirán a levantar fronteiras inútiles nunha existencia que, máis tarde ou máis cedo, iguálanos a todos.



Comezan os traballos de construción das plataformas peonís na estrada que une Santa Cruz con Meirás ▼



◆ A proposta do Concello de Oleiros, a Deputación da Coruña procedeu á contratación das obras para a construción dunha beiravía peonil que une os tramos xa existentes na coñecida popularmente como estrada de Meirás, no treito que vai desde As Torres de Santa Cruz ata o cruce de Abeleiras. O investimento que se vai realizar neste proxecto é de 137.000 euros. As obras eran de imperiosa necesidade dado que a estreiteza da estrada -5 metros de ancho- obrigaba os peóns a circular polas cunetas limitrofes. Así mesmo, estase a realizar outro tramo desde Abeleiras de Arriba ata Os Tornos co mesmo fin. Ambas as dúas actuacións teñen un custo de 300.000 euros.

A nova glorieta do Carballo aliviará parte dos atascos neste punto da N-VI



◆ Están a rematar as tarefas de construción dunha glorieta no Carballo, entre Iñás e a parroquia de Nós. Estas obras, que non son a solución definitiva para o tráfico no lugar do Carballo, solucionarán parte do problema das longas colas que se crean no actual cruce do Carballo e que afectan principalmente aos centros de traballadores dos polígonos industriais situados nos concellos de Oleiros, Bergondo e Sada, así como á totalidade dos usuarios e usuarias da N-VI.

As tarefas de mellora na traída de augas beneficiarán a toda a rede do municipio ▼



◆ O Concello segue a realizar obras de mellora do servizo de auga potable para garantir a subministración. Trátanse de actuacións coas que se mellora o servizo da propia localidade onde se leva a cabo a obra e do resto de lugares do municipio. Un claro exemplo disto son precisamente estas obras acometidas no centro de Oleiros, xa que a tubaxe renovada comunica co principal depósito municipal -situado no alto de Oleiros- que dá servizo a distintas localidades do concello.

As obras do muro do porto de Santa Cruz e dos accesos á praia de Naval xa levan semanas en marcha ▼



◆ Deron comezo nas últimas semanas as obras de construción do muro de contención do porto de Santa Cruz. Con esta actuaciónponse coto aos continuos desprendementos que se provocaban desde o alto da zona da Atalaia, onde están os accesos á praia de Naval. Ademais, o Concello asfaltarán o novo acceso e creará unha pequena zona de aparcamentos no ámbito do futuro parque da praia de Naval. Tamén está previsto mellorar o servizo de pluviais e a iluminación da zona.

O tanque de tormentas de Santa Cruz será contratado en 2016 ▼



◆ Despois dunha longa espera e de diversas xestións realizadas desde o Concello de Oleiros ante as persoas responsables da Consellería de Medio Ambiente, a Xunta de Galicia comunicou oficialmente que en 2016 contrataranse as obras do tanque de tormentas. Estará situado nas proximidades do bombeo de fecais que se atopa no parque Luis Seoane. As obras teñen un custo de 3.800.000 euros e fináncianse nun 80% con fondos da Unión Europea e nun 20% con cartos da Xunta de Galicia. A realización deste proxecto é imprescindible para eliminar a contaminación puntual que ocasionan os desbordamentos que se producen no bombeo de fecais os días nos que hai precipitacións moi abundantes e intensas.

A remodelación da Casa da República de Oleiros supera os 200.000 euros



◆ Nos próximos días iníciase as obras de mellora e aproveitamento dentro da Casa da República de Oleiros. O edificio será modificado totalmente no seu interior coa creación de novos forxados e unha nova distribución. O investimento ascende a 207.103,49 euros.

A demolición da vivenda ruínosa do Seixal rematará cos perigos para os veciños e veciñas da zona ▼

◆ Despois dun longo proceso administrativo e de diversos requirimentos ao propietario, ante o perigo que a ruína do edificio provoca nas rúas do Seixal, o Concello procederá nos próximos días a realizar a demolición con cargo ao dono do inmovible. En todos os casos similares a este, nos que os propietarios non toman as medidas pertinentes, é o Concello o que está a acometer as demolicións pasándolle todos os gastos aos titulares dos inmovibles.




Renóvanse as beirarrúas e créase un aparcadoiro na urbanización dos Regos



◆ Deron comezo as obras de renovación das beirarrúas na rúa principal da urbanización dos Regos, así como a creación dunha área de aparcadoiro en superficie na rúa Río Mandeo. As obras teñen un investimento de 106.667,94 euros e estarán finalizadas a finais do mes de novembro.

Segue avanzando o proxecto de conexión da AP-9 coa N-VI, sen pasar pola Costa da Tapia

◆ O Goberno autonómico aprobou o estudo de impacto ambiental do proxecto para a realización das futuras obras de conexión desde o Río da Veiga ata A Barcala, na parroquia de Nós. Cando se constrúa, esta nova vía permitirá a conexión directa da N-VI coa AP-9 desde O Seixal, sen ter que pasar pola Costa da Tapia.




Realiza pagos e xestións co Concello desde a túa casa ▶

■ **A renovada sede electrónica do Concello de Oleiros tamén permitirá o pago das actividades deportivas, culturais e de Servizos Sociais**

◆ Nestes días vense de estreir a renovada sede electrónica do Concello de Oleiros que permite realizar de xeito cómodo e eficaz múltiples trámites administrativos desde calquera ordenador con conexión a internet. O novo portal presenta un deseño totalmente renovado e unha plataforma unificada que facilita a navegación de todos os usuarios e usuarias. Con esta aplicación o Concello está aberto as 24 horas do día para que todos os veciños e veciñas, os provedores, as xestorías e as notarías realicen os seus trámites administrativos sen necesidade de desprazarse fisicamente ata as oficinas municipais.

A sede electrónica permitirá o pago de todos aqueles recibos tributarios que non estean domiciliados. Mesmo no caso daqueles que se atopen fóra de prazo, tamén será posible realizar o aboamento, xa que o sistema calculará as penalizacións correspondentes en cada caso. Tamén se irán incorporando de xeito progresivo ao portal os diferentes modelos de autoliquidacións tributarias, de xeito que se poderán pagar directamente no enderezo da sede: <http://sede.oleiros.org>. As autoliquidacións correspondentes ás actividades culturais, deportivas e de servizos sociais estarán dispoñibles nos vindeiros meses.



Outra das novidades máis importantes que ofrece o renovado espazo dixital é a posibilidade de pagar multas impostas pola administración local. Grazas á nova plataforma de pago, que cumpre con todos os requisitos establecidos nas diferentes normativas, calquera veciño ou veciña pode realizar os seus pagos de xeito totalmente seguro. O único requisito que se esixe é a identificación da persoa usuaria mediante PIN, DNI electrónico ou certificado dixital.

IDENTIFICACIÓN SINXELA

■ O proceso de identificación pode realizarse mediante DNI electrónico, certificado dixital ou PIN.

XESTIÓN DE RECIBOS

■ Xestiona de xeito moi doado todos os teus recibos desde o teu espazo persoal da sede electrónica.

DOMICILIACIÓNS

■ Tamén podes domiciliar aqueles pagos que decidas. Unha vez identificado, podes facelo moi facilmente desde o teu ordenador.

AUTOLIQUIDACIÓNS

■ Accede ás autoliquidacións tributarias e paga directamente a través dun TPV virtual. En próximas datas tamén estarán dispoñibles as correspondentes ás actividades culturais, deportivas e de Servizos Sociais.



As melloras na calidade do son de Radio Oleiros nos receptores supoñen un investimento de máis de 10.000 euros



◆ O Concello de Oleiros realizou un investimento de máis de 10.000 para mellorar a calidade do son de Radio Oleiros e conseguir unha mellor presenza no dial. O principal cambio débese á instalación dun potente procesador de audio que fai posible unha mellora da presenza nos receptores, situando a calidade do audio en valores equiparables ao resto de emisoras locais. Ademais, grazas á posta en marcha dun codificador RDS, os aparatos identifican a emisora municipal como "Oleiros" ao sintonizar o 101.5 da FM.

A ampliación e renovación de 62 parques infantís tivo un custo de 230.000 euros ▼



■ O parque Nicolás Redondo de Dorneda foi un dos parques ampliados

◆ Remataron as obras de remodelación e ampliación acometidas en diversos parques infantís do municipio. En total, destináronse 230.000 euros a estas actuacións. Algúns parques foron ampliados e noutros colocáronse novos xogos, deixando todos os recintos adaptados á normativa europea de espazos infantís. Deste xeito, tamén se dá por atendida a demanda de moitos veciños e veciñas que se dirixiron ao Goberno local reclamando estas obras.

A indecisión da Coruña e a indefinición de Arteixo poden crear graves problemas á comarca ▼

■ *O reloxo corre na contra dos concellos da comarca. Xa non se pode agardar máis. Oleiros, Cambre, Culleredo, Abegondo, Arteixo, Betanzos, Sada, Bergondo e Carral deben formalizar o acordo de constitución da Mancomunidade antes de finalizar 2015. De non ser así, a lexislación obrigaría a rescindir os contratos do persoal e das empresas que traballan para o actual Consorcio das Mariñas.*

◆ A desaparición dos consorcios vén provocada polo cambio de lexislación promovida desde o Goberno de Madrid. Ante esta nova situación, os concellos de Oleiros, Cambre, Culleredo, Abegondo, Arteixo, Betanzos, Sada, Bergondo e Carral -que actualmente conforman o Consorcio As Mariñas- están obrigados a constituírse como mancomunidade de municipios para poder garantir a continuidade da prestación de servizos que ata agora prestaba o Consorcio As Mariñas. Entre eses servizos destaca especialmente o da recollida do lixo e o tratamento

de residuos, así como aqueles outros que deben estar mancomunados como é a traída de auga potable, os servizos sociais, o transporte, etc.

O acordo para crear a Mancomunidade, no que tamén debería participar o Concello da Coruña, debe chegar antes da finalización de 2015. De non ser así, crearíase un baleiro lexislativo que obrigaría o actual Consorcio a despedir os traballadores e traballadoras e tamén abocaría á finalización dos contratos das empresas que prestan os servizos.

Presentada unha moción na Deputación para frear a invasión da avespá asiática

■ *O alcalde e deputado provincial pola comarca da Coruña, presentou no pleno da Deputación da Coruña unha moción para que o organismo provincial xestione ante as universidades e a Xunta de Galicia as medidas a tomar para frear a invasión da vespa velutina, coñecida como avespá asiática. Esta especie invasora está a minguar as colmeas de abellas en Galicia, que están a ser vítimas da voracidade deste insecto que se nutre do mel das colmeas.*

◆ A invasión masiva da avespá asiática está a provocar unha importante perda de especies autóctonas, xa que as avespas asiáticas aliméntanse principalmente de abellas obreiras que cazan ao voo durante o día e das crías ás que atacan nos enxames. Esa desaparición progresiva do número de abellas pode supoñer un alarmante descenso da polinización da flora silvestre e, polo tanto, unha progresiva perda de especies galegas. Tamén se ve afectada a produción do sector frutícola debido á gran cantidade de azucre que a avespá asiática consume dos froitos maduros.

Outro problema engadido é a dificultade de control por parte dos especialistas, xa que é habitual que aniñen en zonas altas. E evidentemente tamén existe un problema de seguridade cidadá, xa que aínda que a picadura non é moito máis perigosa que a da avespá autóctona, poden atacar en grupo se se senten ameazadas, cos conseguintes riscos para a poboación alérxica.



■ Os servizos de emerxencias municipais levan retirados no que vai de ano máis de 200 niños de avespas asiáticas. Oleiros é dos poucos concellos de Galicia que está a realizar correctamente estas tarefas, que se teñen que realizar de noite para concentrar a todos os insectos dentro do niño e evitar así a formación de novas colonias.

O Concello xestiona a compra dun camión e dun equipo de excarceración

O custo deste investimento supón 225.000 euros que se lle liquidarán á UNESPA (Unión Española de Entidades Aseguradoras y Reaseguradoras)

■ *O Goberno municipal reclamou e solicitou, en repetidas ocasións, á Consellería de Presidencia e á Deputación da Coruña un novo camión motobomba contra incendios. Malia a insistencia, todo o único que se conseguiu foi un compromiso por parte da Consellería de Presidencia de concederlle a Oleiros un vehículo de segunda man en 2013. Ante o incumprimento dese acordo e a necesidade de dotar os profesionais de emerxencias dos medios precisos para atender un municipio de 40.000 habitantes, o Concello está a xestionar a compra do camión e dun equipo de excarceración para posteriormente liquidarlle ese investimento á UNESPA.*

◆ O gasto correspondente á adquisición do novo camión non lle corresponde realizalo ao Concello. É o Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña -do que forma parte o Concello de Oleiros- o que recada os cartos da UNESPA que lle corresponden a cada municipio e, polo tanto, tamén é o Consorcio o que dispón dos cartos para este tipo de investimentos. En vista de que outros concellos do contorno si foron dotados de camiións e diversos medios técnicos por parte da Xunta e da Deputación da Coruña, Oleiros amparárase na ordenanza fiscal sobre contribucións especiais para liquidarlle os gastos da adquisición do novo vehículo directamente á UNESPA.

O Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña nítrese de fondos do ente autonómico, da Deputación e da UNESPA. Os cartos que recibe da UNESPA baséanse na cantidade de seguros contratados en cada municipio, unha cantidade que no caso de Oleiros é moi elevada. Ante a negativa de concederlle a Oleiros o diñeiro que lle corresponde procedente das pólizas de seguros existentes no municipio, o Goberno municipal esgotará as vías legais para facerse con eses cartos e sufragar o investimento. Ademais, resulta asombroso que o Consorcio lle liquide ao Concello as súas intervencións dentro do termo municipal.

Martes de Entroido e luns de Pascua festivos locais en 2016

◆ O Goberno municipal aprobou os festivos locais para 2016. As datas escollidas son o 9 de febreiro, martes de Entroido, e o 28 de marzo, luns de Pascua. Desta maneira, mantense a festividade do martes de Entroido, que tradicionalmente é día non laborable no concello. O luns de Pascua, laborable en 2015, pasa a ser festivo en 2016, xa que San Xoán será festivo a nivel autonómico.

Inaugurado o parque público co nome do cámara ferrolán asasinado polo exército dos Estados Unidos en Bagdad en 2003 ▼

Oleiros reivindicará de xeito permanente a memoria de José Couso

■ *Mentres os tribunais españois deixan no esquecemento o asasinato de José Couso, Oleiros reclama xustiza. As leis aprobadas polos gobernos do PSOE e do PP impiden xulgar os militares e os políticos dos Estados Unidos responsables da morte do cámara ferrolán. O que nunca poderán impedir, nin con esas leis nin con outras, é que o pobo de Oleiros reivindique a memoria de Couso e de todos cantos son asasinados e agredidos no mundo por ese monstro do terror chamado Estados Unidos.*

◆ A pesar das adversidades meteorolóxicas, o acto contou cunha participación moi importante dos veciños e veciñas do concello. O alcalde aproveitou a ocasión para reclamar xustiza para o crime de José Couso e denunciou que os cambios legislativos introducidos polos gobernos de José Luis Rodríguez Zapatero e de Mariano Rajoy impiden xulgar este asasinato. Con este parque preténdese “manter viva a memoria desta persoa de xeito permanente”, dixo Ángel García Seoane. “Sempre fomos un Concello solidario e queremos que toda a cidadanía se mentalice de que hai que loitar contra os agresores da democracia e da liberdade”, declarou.

David Couso, irmán do asasinado e voceiro da Asociación de Amigos, Hermanos y Familiares de José Couso, agradeceu ao Concello de Oleiros a súa iniciativa. “É un pracer estar en Oleiros, a carón dun pobo valente, lembrando a José”, dixo. Ademais, asegurou que a asociación que representa seguirá loitando ata que se faga xustiza e os asasinados do seu irmán sexan xulgados.

A inauguración rematou coa actuación do cantautor arxentino Rafael Amor, que durante unha hora deleitou a todos os asistentes coa súa música e co seu fantástico humor.



◀ Ofrenda floral en lembranza dos asasinados no golpe de estado chileno

◆ No aniversario máis triste para todo o pobo chileno, o 11 de setembro, Oleiros tampouco quixo esquecerse de todos cantos foron asasinados, torturados e represaliados no golpe de estado de 1973. O parque Víctor Jara foi o lugar escollido para lembrar aquela barbarie perpetrada, entre outros, polo goberno imperialista e asasino dos Estados Unidos. Logo de depositar unha coroa de flores na placa que lembra o cantautor, chilenos exiliados e membros do Goberno municipal realizaron diversas intervencións nas que lembraron aqueles dramáticos feitos.

**NON QUEREMOS
INCÍVICOS en
OLEIROS ▼**

**Por un Concello limpo,
denuncia os infractores
da normativa do lixo**

**Deposita os teus residuos
no punto limpo de Iñás (981 795 524)**



O Concello financia con 10.000 euros un proxecto de atención médica infantil en Nicaragua ▼



◆ Igual que en anos anteriores, o Concello volve cooperar co proxecto da ONG Solidariedade Galega grazas ao que os nenos e nenas da cidade nicaragüense de Jimotegea están recibindo asistencia sanitaria e quirúrxica durante os 13 días que os voluntarios permanecerán no Hospital Victoria Motta. O Concello aporta para este proxecto 10.000 euros, o 80% da financiación que os médicos e o resto do equipo precisan para levar a cabo esta actividade.

Nicaragua é o segundo país máis pobre de toda Latinoamérica. O sistema de saúde público non cubre a maioría das especialidades médicas, polo que a poboación sen recursos económicos non pode acceder a case ningún especialista. Con este proxecto están a ser atendidos moitos nenos e nenas con problemas ortopédicos tales como pés zambos, luxacións conxénitas de cadeira, secuelas de parálises cerebrais, fracturas mal consolidadas, así como outras patoloxías que afectan á poboación infantil.

A asistencia, o material cirúrxico e a medicación que están a recibir os nenos e nenas é totalmente gratuita. Tan só se lle require ao hospital local aqueles medios e elementos que non son posibles de transportar desde Galicia. Con anterioridade á chegada dos médicos voluntarios galegos, a prensa, a radio e a televisión local informaron da presenza dos sanitarios explicando que a asistencia e as operacións serían gratuítas.

Solidariedade Galega é unha organización non gubernamental sen ánimo de lucro que presta asistencia sanitaria e social a aquelas persoas desfavorecidas en países en vías de desenvolvemento que non teñen posibilidades de recibir unha asistencia médico-sanitaria especializada. Está ONG tamén colabora na formación de profesionais no eido da sanidade, a educación e demais campos sociais que afectan ao desenvolvemento das persoas.

Oleiros continuará formando parte da executiva do Fondo Galego de Cooperación ata o 2019 ▼

■ Oleiros conservará a vogalía que xa tiña na executiva do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para a presente lexislatura. A concelleira de Cooperación, Marga Figueroa Vázquez, seguirá a ser a representante do municipio neste órgano durante a lexislatura 2015-2019.

◆ A nova Comisión foi elixida a proposta da executiva saínte e tendo en conta a actual situación política das entidades locais galegas. Na assemblea de constitución da executiva participaron 30 representantes de diferentes concellos de Galicia, que configuran a rede solidaria do municipalismo galego que manterá a defensa dos Dereitos Humanos na axenda local.

O Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade está integrado por 85 concellos e as deputacións da Coruña e Lugo, que concentran a través deste organismo os seus esforzos no eido da cooperación ao desenvolvemento. Garántese deste xeito unha xestión profesional e transparente, así como a realización de proxectos con impacto nos países do Sur e a sensibilización da sociedade galega a prol da solidariedade internacional. Desde a súa fundación en 1997, o Fondo Galego ten desenvolvido máis de 150 proxectos en 25 países e promove numerosas actividades e materiais en relación aos desequilibrios Norte-Sur.



■ Proxecto desenvolvido polo Fondo Galego de Cooperación en Cabo Verde, Cámara de Ribeira Grande de Santiago.



A Fábrica acolleu unha charla sobre tres nenas exiliadas pola guerra civil española

◆ Araceli Ruiz, Libertad Fernández e Shura Marcova eran tres nenas cando tiveron que fuxir da guerra e da persecución dos militares fascistas sublevados contra a República. Estas mulleres estiveron recentemente en Oleiros e relataron, para o numeroso público que acudiu ao auditorio do centro cultural A Fábrica, a súa historia. Esta xornada sobre os exiliados terá unha segunda parte no mes de novembro. Nese novo encontro participarán refuxiados que están a padecer actualmente as consecuencias das guerras creadas polos gobernos asesinos de occidente. O fotógrafo Gabriel Tizón, que se atopa por Europa retratando estas dramáticas situacións, tamén falará sobre o asunto.

Un máis! | O colexio de Nós xa é unha realidade e inicia o seu primeiro curso escolar ▼

■ Logo de anos de loita do Goberno municipal, das asociacións de veciños e das ANPA, o colexio de Nós comezou o pasado día 10 de setembro o seu primeiro curso escolar. Un total de 115 nenos e nenas comezaron as clases neste ansiado centro de ensino que está dotado de todo tipo de comodidades e atópase situado no marco incomparable da Finca Tenreiro.

◆ Nós é unha parroquia moi grande e importante no Concello de Oleiros, con preto de 5.000 habitantes. Moitos nenos e nenas da zona sur do municipio precisaban desde hai moito tempo dispoñer deste servizo educativo.

A apertura do centro supón un gran logro tanto do goberno municipal coma de todos os colectivos que loitaron para que Nós tivese un colexio público. A Xunta de Galicia e os partidos da oposición puxeron multitude de trabas e obstáculos á construción deste edificio. Mesmo unha vez rematadas as obras e co curso escolar xa iniciado, o Concello de Oleiros tivo que afrontar diversos gastos derivados das diferentes anomalías e carencias coas que a Xunta de Galicia entregou o edificio.

Aínda que só iniciaron as clases 115 nenos e nenas, o colexio ten capacidade para máis de 400 alumnos e alumnas. Conta cunhas instalacións extraordinarias: patio cuberto, ximnasio, biblioteca, comedor, salón de actos... Ademais, a privilexiada localización deste recinto dentro dese gran parque público que é a Finca Tenreiro -31.000 metros cadrados-, fai do centro un lugar idílico para educación dos nenos e nenas.



■ O 4 de setembro tivo lugar unha xornada de portas abertas que moitos veciños e veciñas aproveitaron para coñecer as instalacións educativas. A luminosidade, a extraordinaria situación e a amplitude das instalacións foron as características máis destacadas polas persoas que descubriron este centro de ensino.



En horario escolar, un tramo de Alexandre Bóveda será de sentido único ▼

◆ Para unha mellor seguridade dos nenos e nenas do colexio de Nós e para axilizar o tráfico da zona, a rúa Alexandre Bóveda –desde Manuel Murguía e ata a súa conexión coa vía de acceso ao colexio- pasará a ser de sentido único. Entre as 8.30 e as 9.30 h e entre as 13.30 e as 14.30 h dos días lectivos, os vehículos só poderán circular unicamente en sentido ascendente. Esta modificación viaria non afecta ao acceso ao colexio que seguirá a ser de sentido único, con entrada por Alexandre Bóveda e saída por Salvador Allende.

Os que si se verán afectados, os días lectivos e nos horarios estipulados, serán os veciños da zona de Sarro que empregaban ese tramo da rúa Alexandre Bóveda –desde Manuel Murguía e ata a súa conexión coa

de acceso ao colexio-. Con esta regulación circulatoria, non poderán empregar esa rúa para baixar a Salvador Allende e terán que facelo por As Grobias ou Federico Manciñeira.

O Concello de Oleiros abriu unha vía de acceso ao colexio para posibilitar a circulación de turismos e autobuses. A rúa ten o seu inicio en Alexandre Bóveda e finaliza en Salvador Allende. Para a súa construción contouse coa colaboración dos veciños, que cederon parte dos seus terreos, xa que era preciso dotar á rúa dunha anchura suficiente que permitirá a circulación e saída dos turismos e dos autobuses cara a Salvador Allende. Ademais, o Concello tamén instalou a iluminación pública nesta nova vía.



O goberno municipal apoia as protestas dos pais e das nais do Colexio Valle Inclán ▼

■ Os pais e as nais dos nenos e nenas do Colexio Valle Inclán de Perillo concentráronse en varias ocasións diante das dependencias da Xunta de Galicia na Coruña para protestar pola eliminación de profesores para os nenos e nenas con necesidades educativas especiais. O Goberno municipal apoiou estas reivindicacións que teñen a súa orixe nos brutais recortes que a Xunta segue a aplicar no sistema educativo público.

◆ O problema existente no Colexio Valle Inclán débese a que a Consellería de Educación reduciu o profesorado especialista ao inicio do curso nun 50% respecto ao ano pasado. As necesidades do alumnado do centro son de 67 horas de pedagogía terapéutica e 54 horas de audición e linguaxe. Co actual profesorado só se poden cubrir 35 de pedagogía e 25 de audición e linguaxe”.

Desde a asociación de nais e pais tamén denunciaron que a Dirección do CEIP Valle Inclán de Perillo viuse obrigada, por imposición da Consellería, a matricular alumnos por riba do ratio establecido por lei, habendo prazas libres noutros centros do concello, sobre todo no CEIP de Nós que se inaugurou neste curso escolar. Este sobreratio non permite unha atención adecuada ao alumnado xeral, con clases de 26 ou 27 alumnos onde os nosos fillos non teñen mestres especialistas que garanten o seu progreso.



O Goberno local reparte 241.805,09 euros entre as entidades

■ A Xunta de Goberno local, ao abeiro das normas de concorrência competitiva en vigor, aprobou a concesión das subvencións solicitadas polas distintas entidades, asociacións e clubs do municipio. En total, repartiranse 241.805,09 euros entre os 56 colectivos solicitantes, destinando a metade deses cartos aos centros de ensino público e ás ANPA.

◆ Conscientes da importancia do asociacionismo veciñal, educativo, cultural, deportivo e xuvenil no noso concello, o Goberno municipal impulsa todos os anos unha liña de axudas ás entidades sen ánimo de lucro. O obxectivo principal é fomentar un uso activo e creativo do ocio, contribuíndo a promover a difusión e a posta en valor de todas as manifestacións da cultura popular galega, así como prestar unha especial atención ás actividades deportivas que se desenvolven en categorías inferiores ou de base.

Todos os colectivos que solicitaron a subvención municipal e realizaron todos os trámites de xeito correcto e nos prazos estipulados recibirán unha axuda. Algunhas entidades que noutros anos recibiron colaboración non aparecen na relación da concesión xa que, por diferentes motivos, non puideron efectuar a solicitude.

1. Centros de ensino público: 63.920,00 euros

| ENTIDADE | Subvención concedida |
|----------------------------|----------------------|
| ■ CEIP Isidro Parga Pondal | 7.604,00 |
| ■ CEIP Rabadeira | 10.678,00 |
| ■ CEIP Valle Inclán | 10.510,00 |
| ■ CEIP Luís Seoane | 6.960,00 |
| ■ IES María Casares | 12.474,00 |
| ■ IES Miraflores | 10.794,00 |
| ■ IES Xosé Neira Vilas | 4.900,00 |



■ Os colexios públicos reciben as subvencións en base ás diferentes actividades e viaxes que realizaron no 2015.

2. ANPA: 63.785,38 euros

| ENTIDADE | Subvención concedida |
|--|----------------------|
| ■ ANPA Bidueiro* | 3.663,78 |
| ■ ANPA Colexio Público de Mera (Luis Seoane) | 24.314,55 |
| ■ ANPA Colexio Público Valle Inclán | 32.500,00 |
| ■ ANPA Miguel Hernández do IES Miraflores | 1.927,00 |
| ■ ANPA do IES Xosé Neira Vilas | 1.380,00 |

* O propio Concello de Oleiros, a través dos departamentos de Ensino e Deportes, desenvolve actividades extraescolares de luns a xoves cun custo estimado de 20.300 euros.

3. Asociacións veciñais: 21.595,36 euros

| ENTIDADE | Subvención concedida |
|-----------------------|----------------------|
| ■ A.VV. A Ría | 3.060,00 |
| ■ A.VV. Os Rueiros | 5.462,85 |
| ■ A.VV. San Antón | 2.925,49 |
| ■ A.VV. Santaia | 5.456,38 |
| ■ A.VV. Rialta-Xoecer | 1.583,22 |
| ■ A.VV. San Cosme | 3.107,42 |



■ As ANPAS organizan diferentes actividades extraescolares.



■ As asociacións de veciños traballan arreo durante todo o ano para ofertar unha amplísima variedade de opcións culturais, festivas e de ocio.

4. Entidades culturais e comisións de festas: 23.887,05 euros

| ENTIDADE | Subvención concedida |
|---|----------------------|
| ■ Agrupación Artística e Cultural Semente Nova | 2.201,80 |
| ■ Agrupación Cultural "A Marola" | 1.675,00 |
| ■ Agrupación Folclórica Folliañas | 865,91 |
| ■ Asociación Cultural Coral Lembranzas Santa Cruz | 1.463,55 |
| ■ Asociación de Amas de Casa | 1.068,96 |
| ■ Asociación Mulleres Rurais A Cabana | 849,02 |
| ■ Centro Cultural e Instructivo | 1.165,18 |
| ■ Coral Polifónica de Mera | 1.377,03 |
| ■ S.C.R. Amigos de Lorbé | 2.639,24 |
| ■ A.C.D.R.V.P. Rosario de Dorneda | 3.934,61 |
| ■ Os Decanos Hogar Municipal 3ª Edad | 1.089,17 |
| ■ Coral Airiños de Nós | 1.126,37 |
| ■ A.C. O Amanexo | 1.431,21 |
| ■ A.C. Cofradía de Santa Ana de Mera | 1.756,26 |
| ■ Comisión de Festas Miraflores de Oleiros | 1.243,74 |



■ As entidades culturais e as comisións de festas manteñen vivas as nosas tradicións.

5. Clubs de fútbol: 33.960,00 euros

| ENTIDADE | Subvención concedida |
|------------------------------------|----------------------|
| ■ Club Atlético San Pedro | 5.530,00 |
| ■ Club de Fútbol Santa Cruz | 3.890,00 |
| ■ Club Deportivo Obrero de Oleiros | 7.410,00 |
| ■ Hércules S.D.C. | 1.600,00 |
| ■ Marino de Mera C.F. | 6.270,00 |
| ■ Unión Campestre F.C. | 4.020,00 |
| ■ Club Atlético Perillo | 2.820,00 |
| ■ A.D. Cristo Rey | 2.420,00 |



■ Os criterios para o reparto económico entre os clubs de fútbol baséanse no número de equipos que teñen e nas categorías nas que participan.

6. Entidades deportivas: 34.657,30 euros

| ENTIDADE | Subvención concedida |
|--|----------------------|
| ■ Sociedade Cultural e Deportiva Rabadeira | 2.727,38 |
| ■ Club Breogán - Oleiros | 1.594,54 |
| ■ Club Mera, F.S. | 2.483,19 |
| ■ Club Patinaxe Oleiros | 3.037,07 |
| ■ Escueladeteniscañabal.com | 582,99 |
| ■ Club Cabi | 2.837,35 |
| ■ Club de Regatas de Perillo | 6.000,00 |
| ■ Club Balonmán Oleiros | 1.667,32 |
| ■ Centro Deportivo Mariñeiro | 4.342,95 |
| ■ Escola Ximnasia Acordes | 2.927,10 |
| ■ Club de Tenis de La Coruña | 1.795,88 |
| ■ Judo Club Oleiros | 1.537,13 |
| ■ Club Acuatic Oleiros | 1.607,48 |
| ■ Asociación Deportiva As Mariñas | 1.516,92 |

◆ A colaboración municipal co movemento asociativo en xeral non só se limita a esta liña de axudas. As entidades de Oleiros gozan das numerosas infraestruturas culturais e deportivas creadas polo Goberno municipal e que supoñen un importante esforzo económico para as arcas públicas debido ás necesidades de mantemento e conservación destas. Ademais, desde o Concello lévanse a cabo numerosas actividades no eido educativo, cultural e o deportivo, en colaboración co tecido asociativo. Os principais beneficiarios destas iniciativas son os centros de ensino público, que contan cunha importante variedade de programas e cunha asignación económica moi importante.

O márketing chega ao Mercado de Perillo

■ Todos os praceiros e praceiras do Mercado Municipal acudiron a un curso formativo gratuíto no que se divulgaron diversas técnicas para aumentar as vendas. Esta acción, xunto coas reparacións e melloras que se realizaron no mercado tratan de revitalizar e potenciar un centro de grande importancia para o concello e os consumidores.

◆ O Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo acolleu un curso dirixido ao persoal do Mercado Municipal. As clases estiveron dirixidas ao mentoring comercial que é como se denomina o aumento da rendibilidade do punto de venda con técnicas de visual merchandising e atención ao cliente.

Con esta acción pretendíase que os praceiros coñecesen novas fórmulas de márketing e que o colectivo se motivase para desenvolver de xeito conxunto novas accións que reactiven o mercado. A formación desenvolveuse en dúas fases, unha primeira teórica na aula e unha segunda de estudo de cada un dos postos do mercado, no propio recinto.

O curso foi financiado polo Concello de Oleiros, a Consellería de Industria e o FEDER.



Un total de 90 persoas desempregadas beneficiáronse dos cursos de formación en 2015 ▶

◆ Están a piques de rematar os cursos de formación para desempregados que se imparten no Centro Municipal de Formación Isaac Díaz Pardo dentro do plan de formación anual para desempregados que se desenvolve en colaboración coa Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia. En total, foron 90 o número de persoas que acudiron ao centro para beneficiarse destes cursos.

O alumnado de Montaxe e mantemento de instalacións solares térmicas, Atención sociosanitaria a persoas dependentes en institucións sociais e Instalacións de mobles atópase no módulo de prácticas en empresas, o que lles permite adquirir coñecementos en diversas empresas da

comarca. Desde o Centro Municipal de Formación estanse a establecer contactos coas empresas acolledoras e outras do sector de cara a atoparlle traballo ao estudiantado destas formacións.

Pola súa parte, os tres cursos de competencias clave (comunicación en lingua castelá, competencia matemática e comunicación en lingua galega) están dentro do programa de activación para o emprego, que pretende dotar os demandantes con cargas familiares, perceptores do subsidio de 426 euros, dunha cualificación que lle permita optar a un curso dos incluídos dentro dos certificados profesionais e así poder mellorar as súas posibilidades de atopar un emprego.

A recuperación da Finca Tenreiro avanza a bo ritmo grazas aos traballos do obradoiro de emprego ▼

◆ Avanzan a bo ritmo os traballos encomendados ao obradoiro de emprego da Finca Tenreiro que comezou as súas tarefas o pasado 1 de setembro. O proxecto conta cun orzamento de 178.157 euros, está financiado pola Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia e polo Concello de Oleiros, e participan nel un total de 26 persoas desempregadas, todas elas veciñas e veciños de Oleiros. Durante o período de aprendizaxe os alumnos e alumnas recibirán unha remuneración individual de 648,56 euros ao mes.

Grazas a este obradoiro vanse acometer diversos traballos, aínda que a progresión dependerá en boa medida das condicións climatolóxicas. A parcela da Finca Tenreiro ten unha extensión de 31.000 m², está situada en Vilanova, na parroquia Nós, onde está construído o novo colexio para os nenos e nenas desa zona do Concello de Oleiros.



A licenza para a construción dun novo hotel na parcela do antigo Maxi será outorgada antes de finalizar 2015

◆ Despois de denegar a licenza solicitada polo propietario da parcela do antigo Maxi para a construción dun apartotel, o Concello de Oleiros concedeu a licenza preceptiva para o proxecto reformado para a realización dun hotel, e non dun apartotel. Hai que lembrar que o Plan xeral de ordenación municipal reserva este solo de propiedade privada para a construción dun hotel.

As previsións iniciais apuntan a que se prevé que comecen as obras antes de que finalice este ano. Contan cos informes favorables de Costas, Augas de Galicia e Xefatura de Estradas.



Oleiros destino turístico de referencia ▼

■ *Miles de visitantes acudiron á oficina de información turística de Santa Cristina.*

◆ O 30 de setembro rematou a tempada de atención ao público da Oficina de Turismo de Santa Cristina. En total, nos catro meses de funcionamento da oficina recibíronse a miles de persoas que formularon moitas peticións de información. O momento de maior afluencia coincidiu coa primeira semana do mes de agosto. Esta oficina estivo atendida por unha técnica de turismo contratada polo Concello de Oleiros para desenvolver as tarefas de información e dinamización das distintas posibilidades e atractivos do noso municipio para os visitantes.

Segundo os datos obtidos polo Departamento de Turismo, a maioría dos que se achegaron ata esta oficina fixérono porque era a primeira vez que visitaban Oleiros. Os informes tamén din que elixiron o noso concello como destino vacacional polas recomendacións de familiares ou amigos e que a estadía media é dunha semana.

Ademais, tamén destaca que o 64 % dos visitantes que solicitaron información son visitantes nacionais, a maioría de Madrid e de Castela León. En canto aos turistas europeos, os que máis nos visitaron foron os nosos veciños portugueses e os franceses, aínda que tamén se atenderon consultas de persoas procedentes do Reino Unido, Alemaña, Eslovaquia, Polonia, Rusia, Suíza e Austria.



Os ingresos polo servizo da ORA ascende a 121.000 euros

■ *Estes recursos axudan a paliar os gastos orixinados polo mantemento dos servizos nas praias*

◆ As arcas públicas ingresaron este verán 121.000 euros grazas ao servizo de regulación de aparcamentos existente nas localidades de Santa Cristina, Santa Cruz e Mera, así como no aparcamento situado nas inmediacións do areal de Bastiagueiro. A pesar do mal tempo, o mes de agosto foi o que obtivo os mellores números cuns ingresos totais de 41.700 euros. En xullo recadáronse 40.000, en xuño 30.000 e nos primeiros quince días de setembro 10.000 euros.

Hai que lembrar que a ORA estivo en funcionamento desde o 1 de xuño

ata o 15 de setembro en horario de 12:00 a 20:00 h, cunhas tarifas que ían desde 0,5 euros que custaba aparcarse durante unha hora ata os 5 euros que os propietarios dos vehículos debían aboar por estacionarse o día completo. O obxectivo deste sistema é fomentar a rotación de vehículos e impedir que os mellores estacionamentos estean copados todo o día polos mesmos coches. Deste xeito, beneficiábase aos numerosos negocios de hostalería que existen na fronte marítima destas tres turísticas localidades que ven como os seus clientes sempre dispoñen de prazas libres para aparcarse os seus vehículos.

Un equipo de profesionais e programas ao teu servizo

■ *Os Servizos Sociais ofrecen unha atención personalizada e múltiples actividades para os que máis o necesitan*

◆ A prevención, a inclusión, a xustiza social e a participación son os piares sobre os que se asenta a aposta do Goberno municipal polos Servizos Sociais. Unha proposta que se concreta no desenvolvemento dun amplo programa de actividades e actuacións, dirixidos a todo tipo de persoas, a través dunha atención e un seguimento personalizado, se así o require, ou grupal, noutros casos.

Desde o Concello tamén se está a impulsar o Plan de Igualdade de Oleiros, así como o seguimento e coordinación das catro escolas infantís públicas que hai no municipio. Non menos importante é o papel de liderado que está a asumir Oleiros na comarca dentro do Plan Coordinador de Servizos Sociais do Consorcio das Mariñas, desde o que se prestan servizos tan importantes como o de asesoría xurídica, o gabinete de inserción sociolaboral e o servizo de mediación.

● PROGRAMA 1: ORIENTACIÓN, ASESORAMENTO E INFORMACIÓN

A través dunha cita previa, calquera veciño ou veciña pode acceder a unha atención individualizada. Na entrevista, cada quen presenta a súa situación e as súas necesidades. En base a iso, o persoal municipal ofrece unha orientación e dá conta dos recursos aos que se pode acceder en cada caso.



● PROGRAMA 2: ATENCIÓN ÁS PERSOAS MAIORES E CON DEPENDENCIA

Ademais do programa de apoio aos cuidadores *Coidando e Descubrindo Emocións*, desde o Departamento de Servizos Sociais axúdase á tramitación do recoñecemento da situación de dependencia. Tamén se informa sobre outros recursos específicos para persoas maiores como Axuda no Fogar, centro de día, residencia, teleasistencia, Comida sobre Rodas...

● PROGRAMA 3: INCLUSIÓN SOCIAL

Todas as medidas recollidas no regulamento de medidas pola inclusión social do Concello de Oleiros desenvólvense desde este programa que contempla todas aquelas actuacións dirixidas a apoiar as familias na cobertura das súas necesidades básicas: bonos de alimentos, bonos de farmacia, axudas de emerxencia social, axudas de apoio á escolarización...



● PROGRAMA 4: INTERVENCIÓN FAMILIAR

O equipo de profesionais dos Servizos Sociais de Oleiros, formado por traballadoras sociais, educadora e psicóloga, intervén directamente en todos aqueles casos nos que é preciso unha atención técnica como apoio a situacións de conflito familiar, atención de menores...

● PROGRAMA 5: ANIMACIÓN E PARTICIPACIÓN SOCIAL

A promoción de formas de vida activas e saudables na poboación, principalmente a través de actividades grupais, é o obxectivo principal das numerosas actividades que se levan a cabo baixo a coordinación da animadora sociocultural do departamento: actividades ocupacionais (tapices, costura, pintura, manualidades...), actividades físicas para maiores (ximnasia, ioga e natación), talleres de memoria, viaxes, excursionismo e rutas de sendeirismo dentro de *Ven e Descubre*, alfabetización dixital de adultos así como a tradicional celebración anual da Romaría das Merendiñas. Ademais, como forma de encamiñar a solidariedade cidadá, o Voluntariado de Oleiros desenvolve distintos proxectos como o Banco Solidario.



Campañas do banco solidario do voluntariado de Oleiros

“As catro estacións solidarias” do 3-13 de novembro

- Nas Escolas Infantís de Oleiros: recollida de produtos dirixidos á merenda dos nenos e nenas
- Nos Institutos de Ensino Secundario de Oleiros: recollida de produtos dirixidos ás ceas

Recollida de produtos de Nadal

- O día 5 de decembro (día internacional do voluntariado) no Gadis de Bastiagueiro.



O concurso literario *Descubriendo Oleiros* premiará aos mellores relatos escritos sobre o municipio ▼

◆ O Concello de Oleiros convoca de novo o premio literario Descubriendo Oleiros, unha proposta que busca poñer en común promover a lingua e dar a coñecer o municipio. Este concurso abre o prazo no mes de novembro para aqueles **rapaces e rapazas estudantes de todos os cursos de ESO e de 3º, 4º, 5º e 6º de primaria**.

Os relatos estarán ambientados en Oleiros, escritos en lingua galega, serán inéditos, que non fosen premiados en ningún outro concurso e non estean pendentes de fallo noutros premios.


Os textos presentaranse manuscritos ou mecanografados, perfectamente lexibles, escritos nunha soa cara e cunha extensión de 1 a 3 páxinas A4, Arial 12, a dobre espazo, que poderán ir acompañados de fotografías, debuxos, ilustracións ou calquera imaxe do Concello que poida ser suxerente para o autor ou autora. As persoas gañadoras de cada categoría recibirán un regalo tecnolóxico que fomente a lectura e a creatividade e ademais lerán na radio municipal os seus relatos.

Esta proposta busca poñer en común dúas cuestións: o interese pola escritura na rapazada e dar a coñecer Oleiros e a súa contorna como lenzo para obras literarias e feitos históricos ao longo dos anos.

Os relatos presentaranse nun sobre grande co título do relato, ademais do texto incluírase un sobre pequeno dentro pechado, que só teña escrito o título da obra, dentro conterá unha breve nota biográfica (onde vaia recollido o nome, apelidos, enderezo, teléfono, enderezo electrónico, curso e centro educativo ao que pertence) e a fotocopia do documento acreditativo de identidade (fotocopia do DNI, pasaporte ou documento oficial de identidade equivalente). O prazo comeza o 1 de novembro e remata o 30 de novembro e haberá que deixalos nos centros de ensino ou envialos ao Servizo de Normalización Lingüística (A Fábrica, rúa do Inglés, 13; 15172; Perillo, Oleiros).

As persoas interesadas poden poñerse en contacto co Servizo de Normalización Lingüística chamando ao 981 610 000, ou por correo electrónico a l.fillooy@oleiros.org.

Os máis pequenos e pequenas escribirán a súa carta aos Reis Magos en galego ▶



◆ O Concello de Oleiros organiza un concurso para deseñar a carta aos Reis Magos coa colaboración dos centros de ensino. Cada clase de sexto de infantil, primeiro e segundo de primaria dos centros públicos de Oleiros deseñarán unha carta aos Reis Magos, integramente en galego. Das cartas reunidas escollerase unha que será valorada atendendo á presentación, á orixinalidade e ao emprego correcto do galego.

Os obxectivos principais son implicar os nenos e as nenas na normalización lingüística, promover que os nenos e as nenas escriban en galego e fomentar o uso da lingua na época do Nadal.

O deseño da carta levarase a cabo no mes de novembro, a primeira semana de decembro escollerase e entregaranse impresas a mediados do mes de decembro. As cartas levaranse aos centros de ensino, ás escolas infantís e colexios, así como ás bibliotecas e edificios municipais para todos os nenos e as nenas de Oleiros.

As Bibliotecas de Rialeda e Santa Cruz son as sedes das tertulias literarias ▼

◆ As tertulias literarias, que se prolongarán ata o mes de xuño, xa están en funcionamento. En Rialeda a frecuencia é quincenal e as sesións teñen lugar os mércores en horario de 17:30 a 19:30 h. En Santa Cruz a frecuencia tamén é quincenal, tendo lugar as sesións os luns en horario de 18.00 a 20:00 h.

Nestas actividades realízase o comentario de obras de distintos xéneros literarios, principalmente narrativa contemporánea, pero tamén se le poesía, teatro e ensaio, nun ambiente de familiaridade, procurando o lado formativo e á vez, lúdico da lectura. O principal obxectivo é animar a ler, gozando da literatura como un desenvolvemento da capacidade de creación e comunicación a través da lectura, de maneira que compartindo ideas, reflexionando sobre temas diversos poidamos enriquecernos cos diferentes puntos de vista.

Os interesados e interesadas en apuntarse ás tertulias da Biblioteca Rialeda poden facelo a través da sede electrónica da páxina web municipal www.oleiros.org, no blog das bibliotecas municipais de Oleiros <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com.es/>, chamando por teléfono ao número 981 639 511 ou achegándose persoalmente á Biblioteca Rialeda ou á Biblioteca Rosalía de Castro de Santa Cruz.



Aberta a inscrición para os obradoiros de olería infantil e xuvenil



■ **Están abertos os prazos para inscribirse nos obradoiros de olería infantil e xuvenil. As clases impartiranse no Alfar situado no centro cultural As Torres de Santa Cruz, entre os meses de outubro e xuño. As prazas son limitadas.**

◆ Nestes obradoiros amósase o proceso de creación dunha peza de barro desde o moldeado ata a cocción, os diferentes instrumentos de transformación do material e as técnicas de cocción máis empregadas. As clases do obradoiro infantil serán os sábados de 12:00 a 13:30. Poden formar este grupo os nenos e nenas nados entre 2004 e 2009. Para os nados entre 1998 e 2003 as clases tamén serán os sábados, de 10:30 a 12:00. Para inscribirse e obter máis información hai que dirixirse ao departamento de cultura do Concello de Oleiros: cultura@oleiros.org ou 981 610 000.

A Hora do conto e Ler conta moito enchen as Bibliotecas Municipais de actividades para os máis pequenos e pequenas

◆ Desde setembro e ata comezos de decembro, as Bibliotecas Municipais acollen máis de 50 actividades de promoción da lectura dirixidas a nenas e nenos desde 1 a 12 anos. As actividades son moi diversas, desde os tradicionais contacontos ata actividades de maxia, monicreques, creación de fósiles de dinosauros, etc. Todas as sesións teñen lugar ás 18:30 horas e a programación restante para os próximos meses, por bibliotecas, é a seguinte:

• BIBLIOTECA CENTRAL RIALEDA. PERILLO

► Novembro:

- **Día 5:** *Historias de arrepiós e noites escuras de inverno* con Paula Carballeira, para nenas e nenos de 10 a 12 anos.
- **Día 12:** *Nano canto croac* con Raquel Queizás, para nenas e nenos de 1 a 4 anos. **(Previa inscrición).**
- **Día 19:** *Ti tamén contas* con A Tropa de Trapo, para nenas e nenos de 5 a 10 anos.
- **Día 26:** *Brummmmm* con Ramiro Neira, para nenas e nenos de 1 a 4 anos. **(Previa inscrición).**

► Decembro:

- **Día 3:** *Contos fío a fío* con Pavís-Pavós, para nenas e nenos de 5 a 10 anos.



• BIBLIOTECA MUNICIPAL ROSALÍA DE CASTRO. Santa Cruz

► Novembro:

- **Mércores 4:** *Unha caixa máxica* con Soledad Felloza, para nenas e nenos de 1 a 4 anos. **(Previa inscrición).**
- **Mércores 11:** *A raíña de Turnedó* con Trinke Trinke, para nenas e nenos de 5 a 10 anos.
- **Mércores 18:** *Éche unha historia* con Ramiro Neira, para nenas e nenos de 10 a 12 anos.
- **Mércores 25:** *Contos como a area* con Pavís-Pavós, para nenas e nenos de 5 a 10 anos.

► Decembro:

- **Mércores 2:** *Contopoemas* con Charo Pita, para nenas e nenos de 1 a 4 anos. **(Previa inscrición).**

• BIBLIOTECA MUNICIPAL Mª JOSÉ TRINCADO. Mera

► Novembro:

- **Venres 6:** *Contos para bebés* con Pavís-Pavós, para nenas e nenos de 1 a 4 anos. **(Previa inscrición).**
- **Venres 20:** *Os tres osos* con Trinke Trinke, para nenas e nenos de 5 a 10 anos.



• BIBLIOTECA MUNICIPAL Mª JOSÉ RUSO. Dorneda

► Novembro:

- **Luns 9:** *Corre, corre que te pillo* con Marisa Irimia, para nenas e nenos de 5 a 10 anos.
- **Luns 16:** *Contos para bebés* con Pavís-Pavós, para nenas e nenos de 1 a 4 anos. **(Previa inscrición).**
- **Luns 30:** *Seica, disque, contan...* con Paula Carballeira, para nenas e nenos de 5 a 10 anos.



• BIBLIOTECA MUNICIPAL ÁNXEL FOLE. Nós

► Novembro:

- **Venres 13:** *Contos para acabar cos medos* con Paula Carballeira, para nenas e nenos de 3 a 10 anos.
- **Venres 27:** *Contos vellos, novos finais* (contos de igualdade) con Caxoto, para nenas e nenos de 3 a 10 anos.



• BIBLIOTECA MUNICIPAL MANUEL MARÍA. Oleiros

► Novembro:

- **Martes 17:** *Estrelas de gominola* con Marisa Irimia, para nenas e nenos de 3 a 10 anos.

► Decembro:

- **Martes 1:** *O rabaño* con Trinke Trinke, para nenas e nenos de 3 a 10 anos.



• BIBLIOTECA MUNICIPAL XOGRAR MENDIÑO. Lorbé

► Novembro:

- **Xoves 12:** *Imaxina que...* con Ramiro Neira, para nenas e nenos de 3 a 10 anos.

• BIBLIOTECA MUNICIPAL "FEDERICO GARCÍA LORCA". Montrove

► Novembro:

- **Martes 10:** *Contos de medo que deixan durmir* con Caxoto, para nenas e nenos de 3 a 10 anos.
- **Martes 24:** *Historias que me contaron e que non me contaron* con Paula Carballeira, para nenas e nenos de 3 a 10 anos.



XXVI FEIRA DO MEL

Mergúllate na dozura!

◆ O próximo día 8 de novembro celebrarase a XXVI edición da Feira do Mel. Perillo volverá acoller un ano máis aos mellores apicultores galegos e españois que virán a esta feira a expoñer e vender os seus mellores produtos. Os visitantes poderán coñecer e adquirir todo tipo de alimentos e artigos relacionados co mel, desde os máis tradicionais ata os cosméticos.

Esta feira, despois de vintecinco edicións mantén fiel o seu espírito inicial de apoiar aos novos produtores. Nesta ocasión haberá 34 expositores e varios obradoiros infantís para que os máis pequenos e pequenas coñezan este universo da apicultura.

O programa da XXVI Feira do Mel complétase cunha serie de actividades de ocio que se prolongarán ata a última hora da tarde. A programación prevista é a seguinte:

- **10:00** Apertura
- **12:00** Actuacións de grupos folclóricos do Concello de Oleiros
- **13:00** Actuación da Banda da Escola Municipal de Música do Concello de Oleiros
- **16:30** Animación infantil para nenos e nenas
- **18:15** Magosto e queimada amenizada pola orquestra Os Trovadores



Teatro e música para todos os públicos

■ Nos meses de novembro e decembro, o Concello de Oleiros continua ofrecendo unha ampla e variada programación teatral e musical. O auditorio Gabriel García Márquez e o centro cultural A Fábrica seguirán sendo os escenarios dunha programación que mantén a súa calidade.

Outubro

- **Sábado 31 de outubro**, ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, de Mera

A compañía teatral **Espello Cóncavo**, presenta o seu espectáculo *Romano*, escrito e dirixido por Lino Braxe. Trátase dunha obra de teatro clásico ambientada na Roma de Augusto. O elenco de actores está formado por Miguel Pernas, Manuela Varela e Xosé Vilarelle.

■ Entradas á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.



Novembro

- **Sábado 7 de novembro**, ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

Os anos do mundo é unha obra de Carmen Blanco que a compañía **Bucanero** interpreta baixo a dirección de Lino Braxe. Actores como Xosé Bonome e Pedro Picos interpretan unha comedia na que se reflicten as luces e as sombras de diferentes persoas.

■ Entradas á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.



- **Sábado 14 de novembro**, ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

A Compañía **Voadora** presenta o seu espectáculo *Waltz*, baixo a dirección de Marta Pazos. *Waltz* amosa o amor e desamor, de namoramentos e rupturas, da vida compartida e da lembranza de amores perdidos. A interpretación corre a cargo de Jose Díaz, Marta Pazos e Hugo Torres.

■ Entradas á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.



- **Sábado 21 de novembro**, ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

O principio de Arquímedes chega a Mera da man de **Teatro do Atlántico**. Xulio Lago dirixe unha obra sobre a figura dun adestrador de natación sobre o que recae a sospeita de que puidera tratarse dun pederasta. O elenco de actores está formado por María Barcala, Toni Salgado, Alberto Rolán e Marcos Viéitez.

■ Entradas á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.



- **Venres 27 de novembro**, ás 21:00 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

O Auditorio Gabriel García Márquez acollerá a mostra final do obradoiro municipal de teatro de adultos. Presentarase o novo espectáculo, dirixido polos profesores **Ramiro Neira e Keke Diez**. O público terá oportunidade de gozar co que están a aprender os alumnos e alumnas.


■ Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.



- **Sábado 28 de novembro**, ás 20:30 horas
Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

Volta e Dalle teatro presenta o seu espectáculo *Dura Lex* de Carlos Santiago, baixo a dirección de Comba Campoy e Carlos Santiago. *Dura Lex* é unha comedia que xira arredor da xustiza. O protagonista da obra é o actor Pepe Penabade.

■ Entradas á venda desde as 19:30 horas, ata completar a capacidade da sala.



Decembro

- **Domingo 20 de decembro**, ás 19:30 horas
Auditorio centro cultural A Fábrica, Perillo

Como todos os nadaís, o Concello organiza unha xuntanza de para que participen todas as **corais de Oleiros**, co fin de intercambiar impresións e felicitarlle o Aninovo a todos os veciños e veciñas do municipio.

■ Entrada libre, ata completar a capacidade da sala.



- **Mércores 23 de decembro**, ás 18:00 horas

Auditorio centro cultural A Fábrica, Perillo

A compañía de danza **Entremans**, presenta o seu espectáculo *Xoga*, escrito e dirixido por Ana Beatriz Pérez e Kirena Martínez. Trátase dun espectáculo didáctico que combina espazo escénico, audiovisual, música e danza, diversión, unión e espectáculo.

■ Entradas á venda desde as 17:00 horas, ata completar a capacidade da sala.



- **Sábado 26 de decembro**, ás 18:00 horas

Auditorio Gabriel García Márquez, Mera

Animundis é un divertido musical de **Animundis Artes** dirixido por Carlos Sante e protagonizada por Anita Baker e Keke Díaz. Maiores e pequenos gozarán dunhas coidadas composicións musicais de funky, swing e rock.

■ Entradas á venda desde as 17:00 horas, ata completar a capacidade da sala.



- **Mércores 30 de decembro**, ás 18:00 horas
Auditorio centro cultural A Fábrica, Perillo

Pa cama é un espectáculo non verbal dirixido á primeira infancia. A obra de **Katarsis** realiza unha exploración de xogos entre dous amigos que antes de dormirse descubren un mundo de aventuras que lles distrae do sono.

■ Entradas á venda desde as 17:00 horas, ata completar a capacidade da sala.



José Manuel Sánchez gana a medalla de bronce no Mundial de Piragüismo de Hungría



◆ O piragüista oleirense José Manuel Sánchez obtivo a terceira posición no Mundial de Piragüismo de Maratón que se celebrou en Hungría -na localidade de Gyor- o pasado 13 de setembro. Sánchez competiu na modalidade de C2 compartindo embarcación con Tono Campos. Os canoístas remataron a 4:21 do equipo húngaro que venceu a proba.

Ante tal logro, o alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, e a concelleira de Deportes, Teresa Vázquez Maseda, recibiron na Casa do Concello a José Manuel Sánchez para recoñecerlle oficialmente todo o esforzo realizado para acadar esta importantísima medalla.

Nace un club de atletismo na localidade de Nós ▼

◆ Baixo o nome de Running Oleiros bota a andar un proxecto deportivo que aspira a converterse nunha entidade de referencia dentro do noso municipio. Ata o momento non existía ningún club de atletismo en Oleiros, polo que co nacemento deste club cóbrese o baleiro existente nun deporte que vive un momento de auge moi notable e conta cun elevado número de practicantes.

Segundo informan desde a entidade, haberá adestramentos para todas as categorías. No caso dos adultos, non se establecen límites de idade para participar. O obxectivo deste grupo é realizar adestramentos conxuntos para posteriormente participar en carreiras populares.

Nas categorías inferiores, a inscrición vai estar enfocada a infantís e alevíns -nenos e nenas de entre 9 e 12 anos-. A intención dos directores do club é participar inicialmente nas competicións escolares de campo a través e co paso do tempo irse incorporando ás probas de pista.

As persoas interesadas en unirse ao Running Oleiros poden poñerse en contacto co responsables do club no teléfono 649 876 532 ou a través do correo electrónico running.oleiros@gmail.com.



Lucía Fernández ouro e Lucas Yáñez prata na Copa de Europa de Patinaxe Artística

◆ Lucía Fernández Otero, pertencente ao Club Patín Oleiros, proclamouse campioa da Copa de Europa de Patinaxe Artística na categoría alevín feminina. A nova patinadora oleirense obtivo o máximo recoñecemento continental nesta competición celebrada en Dijon, Francia, logo dunha extraordinaria actuación. En categoría alevín masculina houbo outro gran éxito para outro deportista do noso municipio. Lucas Yáñez Pérez, tamén do Club Patín Oleiros, conseguiu a medalla de prata, noutra sensacional actuación.



Remodelación e aumento de espazo nas instalacións da piscina de Oleiros ▼

◆ O Concello de Oleiros vén de realizar un conxunto de melloras nas instalacións do complexo deportivo da piscina de Oleiros que supoñen unha ampliación da superficie de varias salas. Con estes traballos vén a darse resposta ás demandas e necesidades actuais dos usuarios e usuarias.

As reformas máis destacables realizáronse na planta superior. Os aseos dese piso, ante o seu escaso uso, foron eliminados para liberar espazo e crear unha nova sala de bike. A sala de estiramientos tamén pasa a formar parte dese renovado espazo que contará cunha fiestra móbil para poder renovar o aire. Ademais, a división existente entre esta sala e a de fitness pasa a ser acristalada.

No soto tamén se acometeron diversas reformas entre as que destaca a desaparición do tabique central. Con ese derrubamento créase unha única sala de actividades máis ampla e comfortable.

As instalacións do complexo deportivo de Oleiros, en funcionamento desde o 2007, constan fundamentalmente de varias salas de actividades físico-deportivas e dous vasos acuáticos. Este tipo de instalacións teñen un grao de utilización moi alto, con preto de 4000 usuarios e usuarias con dereito ao seu uso, polo que tamén sofren un desgaste e unha deterioración importante. Coas reformas realizadas os veciños e veciñas obterán unha mellora de calidade na súa actividade diaria.



A ampliación e as reformas na piscina de Perillo ascenden a 649.828 euros ►

◆ A empresa encargada de realizar as reformas nas instalacións da piscina de Perillo leva semanas traballando para ter listos canto antes os novos vestiarios. Ademais, tamén serán ampliadas as salas destinadas para realizar ximnasia e outras actividades. O proxecto ten un custo de 649.828 euros e o prazo para a finalización da obra remata a finais de xaneiro de 2016.



As irmás Carnota Fandiño logran importantes éxitos no 2015 ▼

◆ Chámanse Sara e Rebeca. Comparten apelidos e triunfos. Neste 2015, ambas conseguiron converterse en campioas galegas. Aínda que practican deportes diferentes, os resultados obtidos por estas dúas rapazas amosan que teñen sangue de campioas.

A máis pequena, Sara, ten 14 anos e practica ximnasia artística no club Tempo desde os 8. No 2015 acumula múltiples éxitos e vitorias en diferentes modalidades deste deporte, entre as que destacan as de barra e solo. Pola súa parte, Rebeca ten 16 anos e practica triatlón no AD Fogar. Este ano proclamouse campioa galega en Cedeira, quedou en 14º posición no Campionato de España e concedéronlle unha bolsa como residente no Centro Galego de Tecnificación Deportiva de Pontevedra (CGTD).



O xinete Tomas Cogdill conquista o Campionato Galego de Doma Clásica

◆ O Oleirense Tomas Cogdill proclamouse campión galego xuvenil de doma clásica no torneo celebrado no Club Hípico Cemar, en Mondariz. Tomas leva practicando este deporte, desde os catro anos e xa acumula no seu palmarés varios campionatos galegos nesta especialidade hípica.



Perillo e Mera competirán en 2016 na Liga Galega de Traiñeiras B ►

◆ Os dous clubs de remo do municipio participarán a vindeira tempada na Liga Galega de Traiñeiras B. O Club de Regatas Perillo pagou o seu mal inicio e acabou por descender á categoría na que se estreou o Centro Deportivo Mariñeiro de Mera, sétimo clasificado na xeral. Ambas entidades comezan agora a preparación de cara a ofrecer a súa mellor versión na competición de traiñeiras que comezará en xuño de 2016.

Este verán, o Concello de Oleiros subvencionou as dúas regatas da Liga Galega de Traiñeiras que se celebraron no noso municipio. En xullo celebrouse a IV Bandeira Salgado Congelados na que participaron os oito mellores equipos de Galicia. O Concello achegou para esta proba 5.400 euros, o 60% do total dos premios que a organización obriga a repartir entre os clubs participantes. En agosto tivo lugar a II Bandeira Baía de Mera na que remaron os 7 equipos que forman parte da Liga Galega B, ademais das 3 embarcacións da categoría feminina. Para esta regata, o Concello tamén achegou o 60% dos premios, o que supón 3.600 euros.



TRIBUNA ABERTA

■ *Este é un espazo de participación cidadá onde se pode opinar sobre o tema que se desexe. Os textos son reproducidos de forma íntegra. Recorda que a extensión máxima debe ser de 1.000 caracteres. Se queres participar nesta sección do próximo Vivir escribenos ao enderezo electrónico comunicacion@oleiros.org*

Agradecemento ao Concello de Oleiros

Son unha persoa que logo de toda unha vida dedicada ao traballo agora tócame gozar da merecida xubilación aínda que a isto engadiuse, desgraciadamente, unha serie de avatares que me cambiaron a vida por completo. Como hai que tirar cara adiante e plantarlle cara ás adversidades, a mellor forma ofrécema o noso Concello nas actividades para os maiores onde atopo unha das mellores formas de distraerme e pasalo ben, pois ademais do tema lúdico tamén está o lado humano dos monitores que nos tratan con toda amabilidade, agarimo e profesionalidade, en concreto quérome referir ás actividades de sendeirismo e excursionismo que son ás que me adoito apuntar para gozar e coñecer camiños, pobos e paisaxes dun grande valor e beleza que nos permite coñecer a fermosura de Galicia. Desde este espazo quero agradecer aos Servizos Sociais do Concello toda a dedicación e o esforzo, polo que estou moi agradecido.

Victoriano García Fernández (Perillo)

Non ao dragado!

O dragado que pretende realizar Costas na nosa Ría é un atentado contra o noso traballo. Tal e como está redactado o proxecto, pretenden extraer area dunha zona dun valor medioambiental incalculable. Eses fondos son o lugar de cría de moitísimas especies e forman un importantísimo banco de pesca para todos os mariñeiros.

Queremos deixar ben claro que non nos opoñemos á rexeneración da praia de Sada. Opoñémonos a que realicen o dragado nese lugar. Ademais, esa extracción de area masiva non só afectará á pesca, senón que tamén alterará a calidade do mexillón. Existen numerosos estudos que demostran que a remobilización do fondo provoca a presenza de material inorgánico en suspensión, o que provoca efectos moi negativos no alimento do mexillón... E estamos a falar de que en Lorbé se producen máis de 12.000 toneladas ao ano.

As confrarías, as empresas mexilloeiras, as asociacións ecoloxistas, o Concello de Oleiros..., entre todos e todas

formamos unha ampla fronte de oposición ao dragado da ría de Lorbé. Non imos permitir que ninguén acabe co noso medio de vida. Que quede ben claro: NON AO DRAGADO!

Confraría de Pescadores de Lorbé (Lorbé)

Contra o desbaratamento na Casa do Mar

Igual que en Castellón hai un aeroporto sen avións, en Mera hai un centro sociocomunitario sen xente. Aínda que Jordi Évole non o sacase nun dos seus programas de televisión, temos no noso pobo un deses casos de dispendio alarmante que tanto noxo dan. Pois ademais do forte investimento realizado para mellorar o local e os gastos no mobiliario, o centro tamén soporta todos os meses os soldos dunha directora e dun conserxe que se dedican a abrir e pechar as portas dese local pantasma.

O Goberno de Santiago, afastado por completo da nosa realidade social, descoñece que en Mera somos moitas as entidades que dinamizamos a vida dos veciños e veciñas. Mentres nós temos que “mendigar” para conseguir un local no que poder levar a cabo o noso amplo programa de actividades, a Xunta ten un local baleiro no que cada mes desbalda unha chea de euros. Xa está ben! Esiximos que se lle entreguen as instalacións ao Concello de Oleiros para que a Asociación de Veciños San Cosme de Maianca poida xestionar directamente este espazo público.

Asociación de Veciños San Cosme de Maianca (Maianca)

Ciclistas na estrada

Como practicante deste deporte preocúpame o descoñecemento das normas de circulación por parte dalgúns automobilistas, e aproveitando este espazo que nos brinda o concello quixera enumerar para a boa convivencia e seguridade viaria dun sector moi vulnerable, destacando as mais importantes:

1º para adiantar a un ciclista tanto en vías urbanas como interurbanas manterase unha distancia mínima de 1,5 m.

2º Os ciclistas poden circular en parellas de a dous excepto en curvas sen visibilidade ou cambios de rasante.

3º Poderase adiantar os ciclista pasando a liña continua sempre e cando no exista perigo de accidente.

Son consciente de que algúns ciclistas non respectamos algunhas normas, pero tamén e certo que o ciclista non acostuma mancar a ninguén, salvo algunha excepción. En cambio, son moitos os deportistas que sofren accidentes por culpa dos automobilistas e algún con trácicas consecuencias como todos sabemos.

Juan Miguel Vázquez Vázquez (Perillo)

Os problemas no novo Colexio de Nós

Na parroquia de San Pedro de Nós contamos desde este curso coa sorte de dispoñer dun colexio novo ao que mandar aos nosos fillos e fillas, nun contorno precioso e cunhas posibilidades fantásticas para desenvolver un proxecto educativo novidoso, no que se inclúan as novas tecnoloxías, as distintas linguas, a participación das familias, as actividades no contorno...

As familias que vivimos todo o proceso do novo colexio, seguimos a ver unha falta de planificación en varios aspectos: Un comedor que non está equipado e que tivo que dotar o Concello do mobiliario imprescindible por lei para poder poñelo en marcha a ANPA, a falla de dotación dos recursos necesarios e en cantidade suficiente para poder funcionar con normalidade como por exemplo na aula de informática e o deseño dunhas rutas de autobuses que seguen a día de hoxe sen dar resposta ás necesidades das familias, negándolles a moitos deses rapaces o seu dereito ao transporte escolar pese a pasar o bus por diante das súas casas.

Agardemos que por parte da Xunta de Galicia non pensen que con abrir as portas do edificio xa está o choio feito, que sexan conscientes de que o ensino é algo máis, e que é unha responsabilidade da Consellería de Educación dar ese ensino nas mellores condicións posibles.

Varias familias de Nós (Nós)

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

Concello de Oleiros 981 610 000

| | |
|------------------------------|----------------------|
| Policía Local (24 horas) | 981 610 001 |
| Garda Civil de Oleiros | 981 610 067 |
| Garda Civil urxencias | 062 |
| Xulgado | 981 610 824 |
| Servizo de augas | 981 610 602 |
| Mercado municipal | 981 638 158 |
| Recadación municipal | 981 635 603 |
| Ofic. Consumidor (Omic) | 981 610 000 ext.1274 |
| C. Recuper. fauna salvaxe | 981 626 241 |
| Urxencias médicas (24 horas) | 061 |
| Centro Urxencias Sta. Cruz | 981 614 901 |
| Centro Saúde Perillo | 981 638 731 |
| Centro Saúde Sta. Cruz | 981 626 768 |
| Centro Saúde de Oleiros | 981 082 188 |
| Casa do Mar de Mera | 981 628 544 |
| Protección Civil | 981 636 933 |

Centros municipais de actividades

| | |
|-------------------------------|-------------|
| Centro Cultural A Fábrica | 981 636 598 |
| Centro Cívico de Sta. Cruz | 981 626 497 |
| Casa do Pobo de Mera | 981 617 662 |
| Casa do Pobo de Iñás | 981 631 240 |
| Casa do Pobo de Nós | 981 664 257 |
| Casa do Pobo de Dexo-Lorbé | 981 618 201 |
| Centro Cultural de Montrove | 981 639 422 |
| Casa da Cultura de Perillo | 981 636 555 |
| Centro de Información Xuvenil | 981 636 598 |
| Museo Oleiros J.M.Kaydeda | 981 626 692 |
| Castelo de Sta. Cruz | 981 630 618 |
| Aula do Mar / Faros de Mera | 981 618 154 |
| Escola Municipal de Danza | 981 639 688 |
| Escola Municipal de Música | 981 639 143 |
| Centro de Lecer Portaberta | 981 614 083 |

Centros educativos

| | |
|-------------------------------|-------------|
| CMF Isaac Díaz Pardo | 981 631 706 |
| El O Vilar / Nós | 981 664 257 |
| El A Pardela / Os Regos | 981 631 788 |
| El As Galeras / Bastiagueiro | 981 648 446 |
| EIM A Canteira / Perillo | 981 977 921 |
| IES Neira Vilas / Perillo | 981 638 903 |
| IES Miraflores / Oleiros | 981 631 615 |
| IES Mª Casares / Bastiagueiro | 981 626 344 |
| CEIP Luis Seoane / Mera | 981 617 130 |
| CEIP Parga Pondal / Sta. Cruz | 981 614 976 |
| CEIP Valle Inclán / Perillo | 981 636 754 |
| CEIP A Rabadeira / Oleiros | 981 610 023 |

Bibliotecas

| | |
|-------------------------------|-------------|
| Central Rialeda / Perillo | 981 639 511 |
| Rosalía de Castro / Sta. Cruz | 981 626 338 |
| María José Trincado / Mera | 981 628 507 |
| Mª José Ruso / Dorneda | 981 626 638 |
| Manuel María / Oleiros | 981 610 700 |
| Ánxel Fole / Nós | 981 664 257 |
| Xograr Mendiño / Dexo-Lorbé | 981 618 201 |
| F. García Lorca / Montrove | 981 639 515 |

Querida lúa

O ciclo da lúa

| | |
|---------------|--|
| Chea | 27 outubro / 25 novembro / 25 decembro |
| Mingua | 3 novembro / 3 decembro / 2 xaneiro |
| Nova | 11 novembro / 11 decembro / 10 xaneiro |
| Medra | 19 novembro / 18 decembro / 17 xaneiro |

Transportes

En Oleiros TAXI a domicilio no **981 243 333**

Horarios Cal Pita

Aeroporto de Alvedro **981 187 200**

Estación autobuses A Coruña **981 184 335**

Estación FFCC San Cristovo **902 240 202**

| | |
|--|---|
| 1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro < | Laborables Ida 6:45 ■ 6:55 ■ 7:10 ■ 7:25 ■ 7:35 ■ 7:45 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15' ■ 21:30 a 22:30 cada 30' Sábados Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8-22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30' Dom+fest Ida 7:10 ■ 7:40 ■ 8 a 22:30 cada 30' Volta 7:30 a 22:30 cada 30' |
| 2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros < | Laborables Ida 7:05 a 22:05 cada hora. Volta 7:35 a 22:35 cada hora Sábados Ida 8:05 a 20:05 cada hora. Volta 8:35 a 20:35 cada hora Dom+fest Ida 10:05 a 20:05 cada hora. Volta 10:35 a 20:35 cada hora |
| 2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro < | Laborables Ida 7:05. Volta 7:30 Sábados Ida 8:05 ■ 14:05. Volta 8:30 ■ 14:30 Dom+fest Ida 10:05 ■ 14:05. Volta 10:30 ■ 14:30 |
| 2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada < | Laborables Ida 16:05. Volta 16:35 Sábados Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 Dom+fest Ida 16:05 ■ 19:05. Volta 16:35 ■ 19:35 |
| 3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada < | Laborables Ida 6:55 a 20:55 cada hora ■ último ás 22. Volta 6:55 a 21:55 cada hora Sábados Ida 6:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 7:55 a 21:55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8:55 ■ 10:55 ■ 13:05 ■ 14:55 a 20:55 cada 2 horas. Volta 9:55 a 21:55 cada 2 horas |
| 4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada < | Laborables Ida 6:25 a 21:25 cada hora. Volta 6:25 a 21:25 cada hora Sábados Ida 6:25 ■ 8:25 a 20:55 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:25 a 21:25 cada hora Dom+fest Ida 8:25 a 20:25 cada hora ■ Último ás 22. Volta 8:25 a 21:25 cada hora |
| 6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Riaita < | Laborables Ida 6:50 ■ 7:10 ■ 13:05 ■ de 7:40 a 20:40 cada hora ■ De 8 a 12 cada hora ■ De 14 a 20 cada hora ■ Último ás 22. Volta 7:10 a 21:10 cada hora ■ De 7:30 a 19:30 cada hora ■ 20:50 ■ 22:30 Sábados Ida 8:50 ■ 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 9:10 a 21:10 cada hora Dom+fest Ida 9:40 a 20:40 cada hora. Volta 10:10 a 21:10 cada hora |
| 6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Riaita > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro < | Laborables Ida a Oleiros 8 ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8:40 ■ a Soñeiro 20:40 |
| 6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro < | Laborables Ida a Soñeiro 13:10. Volta de Soñeiro 13:50 Sábados Ida a Oleiros 11 ■ 21:10. Volta de Oleiros 11:30 ■ 21:45 Dom+fest Ida a Oleiros 10:20 e 13:10. Volta de Oleiros 10:45 ■ 13:35 |
| VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz < | Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10:30 a 21:30 cada hora |
| VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina < | Luns a domingos Ida 10:20 a 20:20 cada hora Volta 10:50 a 20:50 cada hora |



35.061 habitantes empadroados/as!

Ata o 15 de outubro, o padrón do Concello distribuído por parroquias é:


| | |
|--------------------------|---------------|
| DEXO (Santa María) | 1.376 |
| DORNEDA (San Martiño) | 3.420 |
| IÑÁS (San Xurxo) | 1.210 |
| LIÁNS (Santa Eulalia) | 10.139 |
| MAIANCA (San Cosme) | 1.389 |
| NÓS (San Pedro) | 4.748 |
| OLEIROS (Santa María) | 2.971 |
| PERILLO (Santa Leocadia) | 8.250 |
| SERANTES (San Xulián) | 1.558 |
| TOTAL | 35.061 |

FARMACIAS DE GARDA

Datas

| | |
|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> ■ SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño, nº 1- A (Oleiros) ● Teléfono: 981 610 027 ■ MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar, nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 617 937 ■ JOSE CARLOS PIN PEREIRAS Avda. Rosalía Castro, nº 247 (Perillo) ■ Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas, nº 247 (Nós) ● Teléfono: 981 663 890 ■ FERNANDO JOSÉ RODRÍGUEZ GARFIA Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña, nº 4-6 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 503 ■ Mª TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina, nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 648 440 ■ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, nº 4 (Liáns) ● Teléfono: 981 614 184 ■ PABLO DURÁN LOSADA Rúa Viñas de Babilonia, nº 8 (Liáns) ● Teléfono: 981 923 845 ■ PEDRO JOSÉ IGLESIAS PASTORIZA Avda. Ernesto Ché Guevara, nº 16 (Perillo) ● Teléfono: 881 963 932 ■ JAVIER SUÁREZ NEIRA Rúa Golfiño, nº 121 (Dexo) ● Teléfono: 981 628 165 ■ LAURA PEÑALVER GARCÍA Avda. As Mariñas, nº 54 (Parque comercial de Iñás) | <p>Do 16 ao 22 de outubro</p> <p>Do 23 ao 29 de outubro</p> <p>Do 30 de outubro ao 5 de novembro</p> <p>Do 6 ao 12 de novembro</p> <p>Do 13 ao 19 novembro</p> <p>Do 20 ao 26 de novembro</p> <p>Do 27 de novembro ao 3 de decembro</p> <p>Do 4 ao 10 de decembro</p> <p>Do 11 ao 17 de decembro</p> <p>Do 18 ao 24 de decembro</p> <p>Do 25 ao 31 de decembro</p> |
|---|--|

En trámite unha nova urbanización en Mera



◆ O Concello de Oleiros está a tramitar o desenvolvemento do solo que se atopa entre as rúas da Gándara e Pinar do Río. Con esta actuación urbanística pretende garantirse a sustentabilidade e a ordenación do contorno, creando equipamentos, zonas verdes e espazos públicos. Tamén se verán melloradas as vías desa zona interior de Mera coa apertura de novos accesos. Ademais, esta urbanización compensa os propietarios dos terreos que adquiriu o Concello para construír o campo de fútbol de Mera.

A zona a urbanizar ocupa unha superficie total de 52.204,84 metros cadrados. Está previsto que o número máximo de vivendas sexa de 208 (136 vivendas colectivas, 67 unifamiliares e 5 acaroadas). Os espazos libres e zonas verdes ocuparán 5.260,42 metros cadrados e a parcela destinada a equipamento público 2.565,75. Tamén está contemplada a creación de servizos urbanos tales como centros de transformación, colectores de lixo, telecomunicacións, etc. Con esta nova urbanización consolídase a malla urbana da localidade.